



Xoán Antonio Pillao Silvos, concelleiro do grupo municipal do BNG no concello de Cambados, EXPÓN:

En repetidas ocasións o goberno municipal de Cambados ten manifestado publicamente, a través dos medios de comunicación, a súa intención de chegar a un acordo co Parador de Cambados (antigo Pazo de Bazán), para a permuta de terreos na zona lindante co Pazo de Torrado. O Pazo de Torrado (a súa horta) gañaría fachada cara á rúa do Príncipe e o Parador, gañaría a cara á avenida de Madrid. Para facer isto habería que modificar a actual división parcelaria, que é un reflexo do pasado histórico dos dous edificios, en particular, e de Cambados, en xeral.

A actual normativa do Plan Especial de Protección e Ordenación do Conxunto Histórico-Artístico de Cambados di que *“A partir deste parcelario resultante do actual Planeamento quedan expresamente prohibidas a agrupación e maila división de parcelas”*. Asimesmo di que *“Só se admitirán as agrupacións e as divisións de parcelas que se establezan expresamente neste Plan Especial”*. A modificación dos lindes entre o Pazo de Torrado e o antigo Pazo de Bazán non está contemplada no actual Plan. Por outra banda tamén se establece que *“...calquera caso particular que puidera precisa-la necesidade de agrupar ou dividir parcelas deberá xustificarse expresa e adecuadamente mediante a tramitación dunha modificación do presente Plan Especial”*. Tampouco hai constancia de que se estea a facer este trámite, nin moito menos de que por parte do goberno municipal se xustificase *“expresa e adecuadamente”* a necesidade de variar unha división parcelaria, froito do noso pasado histórico, e que o PEPOCHA obriga a respetar. Dende logo o BNG non considera adecuado nin xustificado o argumento de que o Parador teña que ter un aparcadoiro na parte de atrás, ou que a horta e futuro parque do Pazo de Torrado teña que ter un acceso directo dende a Calzada, ou que a liña quebrada do actual linde teña que ser substituída por unha liña recta, porque algúns pensen que é máis regular, máis harmónica, e que *“fai máis bonito”*.

O PEPOCHA contempla de forma expresa e clara a prohibición de variar a actual división parcelaria dentro do ámbito de protección do Conxunto Histórico-Artístico. Por todo isto, dende o grupo municipal do BNG, que xa se interesara por este tema no pleno do 24-6-04, sen obter unha resposta satisfactoria por parte da Alcaldía, PREGUNTAMOS:

1º.- ¿Requeriuse informe previo preceptivo da Comisión Técnica de Patrimonio sobre a procedencia da operación proxectada?

2º.- En caso afirmativo, ¿cal foi a resposta da Comisión? (Rogamos que se nos facilite copia do informe).

3º.- En caso negativo, ¿cales son as razóns polas que non se solicitou o informe?

Cambados, 29 de maio de 2006.

SR. ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS.